



## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

#### Xefatura Territorial da Coruña

#### Servizo de Enerxía e Minas

*Acordo do 18 de abril de 2023 da Xefatura Territorial da Coruña, de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica, no concello de Sobrado dos Monxes (expediente IN407A 2022/26-1)*

Outorgada a declaración de utilidade pública que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada Instalación Reconnectador MEL705 (Apoio 157-4), no concello de Sobrado dos Monxes (expediente IN407A 2022/26-1), por resolución desta xefatura territorial, do 16 de marzo de 2023, a favor da entidade beneficiaria UFD Distribución Electricidad, SA, con enderezo en avenida de Arteixo, 171, 15008 – A Coruña.

Esta xefatura territorial, de conformidade cos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e 56 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957, acorda sinalar o día **11 de xullo de 2023** para o levantamento das actas previas á ocupación, nas que se describirán os bens ou dereitos expropiables e de imposición de servidume de paso de enerxía eléctrica, contidos na relación de fincas que se exporán xunto con esta resolución no taboleiro de edictos do concello de Sobrado dos Monxes, deducida da que se someteu a información pública no DOG do 02.08.2022, no BOP do 15.07.2022 e no xornal La Voz de Galicia do 21.07.2022, acto ao que deberán concorrer as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas propostas como afectadas, ás que se lles practicará notificación individual sinalándoselles os horarios de toma de datos sobre o terreo e do levantamento efectivo das actas nas oficinas da casa consistorial do dito concello.

Así mesmo, cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos sobre as fincas afectadas sexan descoñecidas ou se ignore o lugar de notificación ou ben, intentada esta, non se puidese practicar, publicarase un anuncio desta convocatoria no taboleiro de edictos único (TEU) do Boletín Oficial del Estado.

A Coruña, 18 de abril de 2023

Isidoro Martínez Arca

Xefe Territorial da Coruña

2023/2960